INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
(Expte. ED-2026-003-M)

ANTECEDENTES

Primeiro.

Esta dirección xeral, o 14.07.2026, recibe escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, solicitando a tramitación da modificación da relación de postos de traballo da consellería.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 19.06.2026
- Anexo de postos amortizados, modificados e creados

Posteriormente, o 22.07.2026, achegaron memoria funcional complementaria.

Segundo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 13.07.2026, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no artigo 3, establece que a **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Secretaría Xeral de Universidades
3. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
4. Dirección Xeral de Formación Profesional
5. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Quedando **adscritas** á consellería:

1. A Axencia Galega de Innovación
2. A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Terceiro. Decreto de estrutura orgánica

A actual estrutura orgánica da consellería está establecida no **Decreto 138/2024, do 20 de maio,** polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Cuarto. Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; segundo indican na memoria funcional coa seguinte finalidade:

- Prioritariamente, **adecuar a RPT ás novas necesidades dos centros educativos** de ensino non universitario de Galicia aos recursos dispoñibles.

- **Amortización dos 4 postos de xefe/a territorial** (a disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia recolle a súa supresión e a asunción das competencias e funcións polas direccións territoriais previstas no artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia).

- **Modificación da denominación de determinados centros educativos.**

- **Supresión** do: Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras (e recodificación dos postos de traballo), CEIP de Vilariño de Conso, CEIP "Sofía Casanova" de Culleredo e do Equipo de Orientación Específico da Provincia de Lugo.

- Outras necesidades organizativas e funcionais

Trátase dunha modificación parcial que contén cambios de diversa natureza pero que, por razóns de eficacia e operatividade, estímase máis axeitada unha publicación completa, e non parcial dela, de tal xeito que **nesta publicación figuran postos cuxas clasificacións foron aprobadas en modificacións anteriores polo Consello da Xunta.**

A proposta consiste en:

- **Creación de 64 postos de traballo** de persoal funcionario:
    - Axudante/a de cociña: 6 postos
    - Oficial 2ª cociña: 1 posto
    - Coidador/a auxiliar: 46 postos
    - Educador/a social: 1 posto
    - Empregado/a de cociña-pinche: 1 posto
    - Enfermeiro/a: 3 postos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

- Fisioterapeuta: 2 postos
- Limpador/a: 2 postos
- Peón/oa agrario/a: 1 posto
- Subalterno/a: 1 posto

- **Creación de 1 posto de traballo** de persoal laboral:
  - Intérprete de linguaxe de Signos: 1 posto

- **Amortización de 37 postos** vacantes con/sen ocupación de persoal funcionario:
  - Aux. Administrativo: 1 posto
  - Axudante/a de cociña: 11 postos
  - Coidador/a: 4 postos
  - Coidador/a Auxiliar: 2 postos
  - Enfermeiro/a: 1 posto
  - Limpador/a: 5 postos
  - Limpador/a (media xornada): 1 posto
  - Oficial 1ª agrario: 1 posto
  - Oficial 2ª cociña: 1 posto
  - Oficial 2ª mantemento: 2 postos
  - Pasador/a ferro-lavandeiro/a: 1 posto
  - Peón/oa agrario: 1 posto
  - Subalterno/a: 4 postos
  - Traballador/a social: 1 posto
  - Xardiñeiro: 1 posto

- **Amortización de 2 postos** vacantes de persoal laboral:
  - Adxunto/a taller: 1 posto
  - Educador/a: 1 posto

- **Amortización** dos **4 postos** de xefe/a territorial

- **Modificacións** e recodificacións doutros postos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Quinto. Creacións, amortizacións e modificacións

- **Quinto.1 Creacións**

Forma parte desta proposta a creación de **65 postos** de traballo cuxa clasificación completa e detallada figura no anexo a este informe.

- Nos **centros educativos** do departamento territorial da **Coruña**:

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
1	CEIP DE TEIXEIRO (CURTIS)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15310.004	C	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR (1)
2	CEIP DE MESÓN DO VENTO (ORDES)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15580.004	C	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR (1)
3	CPI DE VIAÑO PEQUENO (TRAZO)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15850.007	C	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR (1)
4	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.324	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
5		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.325	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
6		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.326	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
7		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.327	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
8		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.328	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
9		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.329	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
10		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.330	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
11		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.331	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
12		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.332	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
13		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.333	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
14		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.334	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
15		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.335	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
16		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.336	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
17		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.337	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
18		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.338	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
19		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.339	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
20		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.340	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
21		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.114.15001.341	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
22		ENFERMEIRO/A ED.C99.40.114.15001.342	C	A2 18	EMS1	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE (2) (3)
23		ENFERMEIRO/A ED.C99.40.114.15001.343	C	A2 18	EMS1	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE (2) (3)
24		INTÉRPRETE DE LINGUAXE DE SIGNOS ED.C99.40.114.15001.344		III	104	6003 648	B14/ B18 / ITINERANTE (3)
25	CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDUCADOR/A SOCIAL ED.C99.40.901.15770.071	C	A2 20	EMS7	648	
26		FISIOTERAPEUTA ED.C99.40.901.15770.072	C	A2 20	EMS3	648	HORARIO ESPECIAL (2)
27		OFICIAL 2ª COCIÑA ED.C99.40.901.15770.073	C	C2 13	EDÑ	648	XORNADA IRREGULAR (1)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

CÓDIGOS

EMS1 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. ENFERMARÍA)
EMS3 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. FISIOTERAPIA)
EMS7 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. EDUC. SOCIAL)
EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)
EDÑ ESPECIAL (ESC. AUXILIAR DE COCIÑA)
XELC XERAL (ESCALA PERSOAL LIMPEZA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
6003 SEGUNDO CONVENIO
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)
B14 COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN
B18 COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE

- Nos **centros educativos** do departamento territorial de **Lugo**:

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
1	CEIP PLURILINGÜE"A GÁNDARA" (MONFORTE)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.102.27300.005	C	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR (1)
2	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.204	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
3		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.205	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
4		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.206	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
5		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.207	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
6		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.208	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
7		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.27001.209	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
8	CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	FISIOTERAPEUTA ED.C99.40.901.27001.063	C	A2 20	EMS3	648	HORARIO ESPECIAL (2)

CÓDIGOS

XELC XERAL (ESCALA PERSOAL LIMPEZA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
EMS3 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. FISIOTERAPIA)
EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

- Nos **centros educativos** do departamento territorial de **Ourense**:

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
1	CEIP PLURILINGÜE "RIBADAVÍA"	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.32680.006	c	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR **(1)**
2	CEIP "JOAQUINA GALLEGO JORRETO" (A MERCA)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.32470.002	c	AP 10	XELC	648	XORNADA IRREGULAR **(1)**
3	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.32001.202	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR **(1)**
4		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.32001.203	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR **(1)**
5		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.101.32001.204	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR **(1)**
6	CIFP DE VILAMARÍN	EMPREGADO/A COCIÑA-PINCHE ED.C99.40.201.32860.016	C	AP 10	XELC	648	HORARIO ESPECIAL/ QUENDAS **(2)**
7	IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O CARBALLIÑO)	LIMPADOR/A ED.C99.40.201.32190.011	C	AP 10	XELC	648	HORARIO ESPECIAL **(2)**

CÓDIGOS

XELC XERAL (ESCALA PERSOAL LIMPEZA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

- Nos **centros educativos** do departamento territorial de **Pontevedra**:

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
1	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.280	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
2		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.281	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
3		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.282	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
4		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.283	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
5		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.284	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
6		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.285	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
7		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.286	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
8		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.287	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
9		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.288	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
10		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.289	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
11		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.290	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
12		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.291	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
13		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.292	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
14		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.293	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

	CENTRO DESTINO	POSTO CÓDIGO	FORMA PROV.	SUBG./ NIVEL	CORPO/ ESCALA	TITULAC./ FORMAC.	OBSERVACIÓNS
15		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.294	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
16		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.295	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
17		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.296	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
18		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.297	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
19		COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.102.36001.298	C	C2 14	EDD	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE/ XORNADA IRREGULAR (1)
20		ENFERMEIRO/A ED.C99.40.102.36001.299	C	A2 18	EMS1	648	HORARIO ESPECIAL/ ITINERANTE (2) (3)
21	IES PLURILINGÜE "AQUIS CELENIS" (CALDAS DE REIS)	LIMPADOR/A ED.C99.40.301.36050.009	C	AP 10	XELC	648	HORARIO ESPECIAL (2)
22	CIFP "VALENTÍN PAZ ANDRADE" (VIGO)	PEÓN/OA AGRARIO/A ED.C99.40.202.36560.019	C	AP 10	XELR	648	HORARIO ESPECIAL (2)
23	IES "PEDRAS RUBIAS"	SUBALTERNO ED.C99.40.301.36480.013	C	AP 10	XERAL	648	HORARIO ESPECIAL (2)

CÓDIGOS

XELC XERAL (ESCALA PERSOAL LIMPEZA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
EMS3 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. FISIOTERAPIA)
EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)
XELR XERAL (ESC. PERSOAL LIMPEZA E COCIÑA E REC. NAT. - ESP. REC. NAT. E FORES.)
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)

(1) Postos de **Axudante/a de cociña, Oficial 2ª cociña e Empregado/a Cociña-Pinche de cociña** con **"xornada irregular"**, e postos de **Coidador/a auxiliar** con **"horario especial/ itinerante/ xornada irregular".**

Estes postos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional teñen esta observación segundo a clasificación dada por:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de abril de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña) (DOG núm. 78, do 24 de abril).

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 160, do 21 de agosto).

A orixe desta **"xornada irregular"** nestes postos, ten a súa orixe no Acordo co Comité intercentros de data 10 de xuño de 2008; publicado pola Resolución do 3 de xullo de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos adoptados o 10 de xuño de 2008, pola Comisión Negociadora do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 138, do 17 de xullo).

Fai referencia a que estes postos teñen unha xornada de traballo irregular, de sete horas e trinta minutos e ata un máximo diario de oito horas, durante os días lectivos que comprenda o curso académico. O persoal de cociña engadirá catro días antes do inicio da actividade lectiva e catro días despois de finalizada para a limpeza a fondo, tanto do enxoval como das propias instalacións, a fin de evitar, entre outros, posibles problemas de intoxicacións.

Esta xornada de traballo irregular terá lugar só no suposto de que a consellería establecese un programa matinal para que o alumnado almorce nos propios centros. Neste caso, a xornada irregular afectaría a este persoal coidador e de cociña dos centros que teñen este programa matinal.

(2) Postos con "**horario especial**". Segundo recollen na memoria funcional esta observación está fundamentada "en razóns organizativas, funcionais e de servizo público. Así, a natureza das funcións asignadas a estes postos de persoal non docente que presta servizos nos centros educativos non se axusta ao marco do horario xeral establecido pola administración da Xunta de Galicia. Resulta indispensable establecer un réxime de xornada especial (como quendas de tarde, partidos, ou xornadas irregulares) para asegurar a atención aos usuarios e/ou ás instalacións durante todo o horario de actividade dos referidos centros.

O horario especial permite adaptar a presenza dos traballadores ás franxas horarias de maior demanda, ás necesidades específicas dos centros, así como aos eventos ou actividades destes que poidan requirir unha atención fóra do seu horario habitual.

A concreción e determinación específica deste horario especial **recóllese nos documentos oficiais de cada centro, en concreto, no plan de centro e no regulamento de réxime interior** (RRI).

Así, conforme ao establecido no Regulamento de Réxime Interior do centro educativo, no apartado relativo á organización do persoal de administración e servizos, **correspóndelle á dirección do centro a distribución das xornadas para asegurar a correcta prestación do servizo**. O RRI determina expresamente que as dependencias escolares deben permanecer accesibles, vixiadas e operativas durante a totalidade da xornada do centro. Polo tanto, para dar

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

cumprimento a esta funcións de atención á comunidade educativa recollidas no devandito regulamento, faise indispensable concretar o horario do persoal neste documento garantindo que en ningún momento o centro quede desatendido durante as súas horas de actividade.

Do mesmo xeito**, no Plan de Centro aprobado para cada curso académico fíxase o horario lectivo, os servizos complementarios (comedor, transporte), así como as actividades extraescolares e de apertura comunitaria ao centro**. Para que os obxectivos operativos de dito Plan poidan desenvolverse de maneira eficaz, a dispoñibilidade do persoal debe axustarse ao establecido neste. En consecuencia, a **concreción das horas de entrada, saída e quendas rotatorias/partidas , de ser o caso, responde en exclusiva á necesidade de cubrir o arco temporal completo que o Plan de Centro estipula para o uso das instalacións, asegurando así o soporte loxístico necesario**.

En definitiva, no uso das facultades de organización interna que o Plan de Centro e o RRI outorgan á **dirección de cada centro, é onde se determina ou concreta o horario** como a única fórmula organizativa aplicable para dar pleno cumprimento aos obxectivos e as normas de funcionamento aprobados pola comunidade educativa nos citados documentos oficiais.

En todo caso, a adopción deste réxime de xornada especial articúlase respectando en todo momento o cómputo da xornada anual máxima establecida pola normativa que lle é de aplicación, resultando polo tanto esta medida necesaria, proporcionada e xustificada para o correcto funcionamento dos servizos públicos educativos".

(3) Postos con "**itinerante**". Segundo recollen na memoria funcional "deriva da súa propia natureza en tanto que o ámbito de actuación dos servizos asignados a estes esixen a atención a diferentes centros ou instalacións que se atopan dispersos xeograficamente en todo o **ámbito provincial**. Así, resulta inviable, dende un punto de vista organizativo, asignar un único centro fixo de traballo a estes postos sen comprometer a atención educativa que se debe prestar, en función das necesidades, no correspondente ámbito territorial. Así, o establecemento do carácter itinerante destes postos permite que un mesmo posto de traballo preste soporte e atención directa en diversas localizacións segundo ás necesidades do servizo, evitando a duplicidade de postos en cada ámbito xeográfico coa finalidade de acadar unha xestión óptima e racional dos recursos humanos e económicos existentes. Do mesmo xeito, o carácter itinerante destes postos asegura unha capacidade de resposta áxil ante as necesidades xurdidas nos diferentes centros, garantindo a continuidade na prestación dos servizos públicos educativos".

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

- **Quinto.2 Amortizacións**

Forma parte desta proposta a amortización dos seguintes **39 postos vacantes**:

Nº	CENTRO DESTINO	POSTO / CÓDIGO	GRUP-SUBG./ CORP/ESC NIVEL
SERVIZOS CENTRAIS: 4 POSTOS			
1.	GABINETE CONSELLEIRO/A	SUBALTERNO/A ED.101.00.000.15770.009	AP XERAL 10
2.	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	OFICIAL 2ª MANTEMENTO ED.201.00.000.15770.040	C2 EDT 12
3.	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	SUBALTERNO/A ED.201.00.000.15770.077	AP XERAL 10
4.	DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL	SUBALTERNO/A ED.801.00.000.15770.005	AP XERAL 10
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA: 16 POSTOS			
1.	CEIP "SOFÍA CASANOVA" (CULLEREDO) (*)	AUX. ADMINISTRATIVO ED.C99.40.102.15300.001	C2 XERAL 14
2.	CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	ADXUNTO/A TALLER ED.C99.40.901.15350.041	GIII C66
3.	CPI DE BEMBIBRE (VAL DO DUBRA)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15870.003	AP XELC 10
4.	CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO (CULLEREDO)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15300.007	AP XELC 10
5.	CEIP PLURILINGÜE "EUGENIO LÓPEZ" (CEE)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15230.007	AP XELC 10
6.	CPI "ARMANDO COTARELO VALLEDOR" (BOIMORTO)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.15100.008	AP XELC 10
7.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	COIDADOR/A ED.C99.40.302.15740.029	C2 EDD 14
8.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	COIDADOR/A ED.C99.40.302.15740.025	C2 EDD 14
9.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	COIDADOR/A ED.C99.40.302.15740.031	C2 EDD 14
10.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	COIDADOR/A ED.C99.40.302.15740.032	C2 EDD 14

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Nº	CENTRO DESTINO	POSTO / CÓDIGO	GRUP-SUBG./ CORP/ESC NIVEL
11.	CEE MARÍA MARIÑO (A CORUÑA)	EDUCADOR/A ED.C99.40.901.15001.006	G II C6
12.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	ENFERMEIRO/A ED.C99.40.302.15740.020	A2 EMS1 18
13.	CIFP "SOMESO" (A CORUÑA)	LIMPADOR/A ED.C99.40.204.15001.016	AP XELC 10
14.	IES PLURILINGÜE "ELVIÑA" (A CORUÑA)	LIMPADOR/A ED.C99.40.306.15001.013	AP XELC 10
15.	IES "PUNTA CANDIEIRA" (CEDEIRA)	LIMPADOR/A ED.C99.40.301.15220.010	AP XELC 10
16.	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	OFICIAL 2ª MANTEMENTO ED.C99.40.302.15740.040	C2 EDT 12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO: 2 POSTOS			
1.	CPI PLURILINGÜE "VIRXE DO MONTE" (COSPEITO)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.27150.006	AP XELC 10
2.	EQUIPO ORIENTACIÓN ESPECÍFICO PROVINCIA DE LUGO (*)	TRABALLADOR/A SOCIAL ED.C99.40.701.27001.003	A2 EMS5 18
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE: 4 POSTOS			
1.	CEIP "CARLOS CASARES" (XINZO DE LIMIA)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.102.32320.007	AP XELC 10
2.	IES CIDADE DA ANTIOQUÍA (XINZO DE LIMIA)	LIMPADOR/A ED.C99.40.201.32320.009	AP XELC 10
3.	IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O CARBALLIÑO)	LIMPADOR/A (MEDIA XORNADA) ED.C99.40.201.32190.010	AP XELC 10
4.	CEIP DE VILARIÑO DE CONSO (*)	OFICIAL 2ª COCIÑA ED.C99.40.101.32910.001	C2 EDÑ 12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA: 13 POSTOS			
1.	CEIP "MANUEL SIEIRO" (CRECENTE)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.36140.005	AP XELC 10
2.	CEIP "MESTRE MANUEL GARCÍA" (OIA)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.101.36360.004	AP XELC 10
3.	CEIP DE TENORIO (COTOBADE)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.102.36120.003	AP XELC 10

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Nº	CENTRO DESTINO	POSTO / CÓDIGO	GRUP-SUBG./ CORP/ESC NIVEL
4.	CEIP PLURILINGÜE "CERDEIRIÑAS" (VILA DE CRUCES)	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.102.36580.005	AP XELC 10
5.	CEIP PLURILINGÜE DE SILLEDA	AXUDANTE/A DE COCIÑA ED.C99.40.102.36510.006	AP XELC 10
6.	CEIP "ESCULTOR ACUÑA" (VIGO)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.113.36560.004	C2 EDD 13
7.	CEIP "SEIS DO NADAL" (VIGO)	COIDADOR/A AUXILIAR ED.C99.40.112.36560.003	C2 EDD 13
8.	IES RICARDO MELLA (VIGO)	LIMPADOR/A ED.C99.40.201.36560.015	AP XELC 10
9.	CIFP "A GRANXA" (PONTEAREAS)	OFICIAL 1ª AGRARIO/A ED.C99.40.201.36420.013	C1 ECN1 15
10.	CIFP A GRANXA (PONTEAREAS)	PASADOR/A DE FERRO-LAVANDEIRO/A ED.C99.40.201.36420.035	AP XELC 10
11.	CIFP A GRANXA (PONTEAREAS)	PEÓN/OA AGRARIO/A ED.C99.40.201.36420.043	AP XELR 10
12.	CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE (VIGO)	SUBALTERNO/A ED.C99.40.801.36560.014	AP XERAL 10
13.	CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE (PONTEVEDRA)	XARDIÑEIRO ED.C99.40.202.36560.018	AP XEE/XET 10

CÓDIGOS

ECN1 ESPECIAL (ESC. TÉCN. REC. NAT. E FOREST. - ESP. CAPATAZ)
EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)
EDT ESPECIAL (ESC. AUXILIAR DE MANTEMENTO)
EDÑ ESPECIAL (ESC. AUXILIAR DE COCIÑA)
XEE XERAL (ESCALA DE PERSOAL SUBALTERNO)
XET XERAL (ESCALA DE PERSOAL DE MANTEMENTO)
XELC XERAL (ESCALA PERSOAL LIMPEZA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
XELR XERAL (ESC. PERSOAL LIMPEZA E COCIÑA E REC. NAT. - ESP. REC. NAT. E FORES.)
EMS1 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. ENFERMARÍA)
EMS5 ESPECIAL (ESC. TÉCNICA FACULTATIVA - ESP. TRABALLO SOCIAL)

(*) Suprímense os centros de destino

Segundo consta na memoria funcional a consellería tivo en conta os criterios derivados das proporcións recollidas no marco programático establecido pola **orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios** dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; a **orde do 8 de**

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a **Circular 1/1994, de 6 de xuño, da Dirección Xeral de persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**; xunto coa toma en consideración da evolución na matriculación do alumnado, o límite financeiro establecido pola normativa orzamentaria, así como a necesidade da reorganización, o agrupamento ou a supresión de determinadas unidades administrativas.

- **Quinto.3 Modificacións**

Forma parte da presente proposta a **modificación** dos seguintes postos de traballo:

CENTRO DE DESTINO DENOMINACIÓN DO POSTO CÓDIGO (anterior-novo)	SUBG/ NIVEL/ F. FROV	CORPO/ESCALA/ ADSC. ADM. P	ÁREA FUNC./ FORMAC. ESPEC. (anterior-novo)	OBSERVACIÓNS (anterior-novo)
SERVIZOS PERIFÉRICOS				
• **IES "LAURO OLMO" (O BARCO DE VALDEORRAS)**				
SUBALTERNO/A **ED.C99.40.050.32090.003** **ED.C99.40.201.32090.012** **(*)**	AP 10 C	XERAL AXG	**648**	HORARIO ESPECIAL XORNADA PARTIDA
LIMPADOR/A **ED.C99.40.050.32090.015** **ED.C99.40.201.32090.013** **(*)**	AP 10 C	XELC	**648**	MEDIA XORNADA
• **ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS (OURENSE)**				
SUBALTERNO/A ED.C99.40.501.32001.009 **(**)**	AP 10 C	XERAL AXG	648	**HORARIO ESPECIAL**

CÓDIGOS

EDÑ ESPECIAL (ESC. AUXILIAR DE COCIÑA)
XELC XERAL (ESC. PERSOAL LIMPEZA E COCIÑA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)

(*) A recodificación destes postos é como consecuencia da **supresión do centro de destino**. Segundo recollen na memoria funcional, son postos "que figuran adscritos ao Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras (CFR) **cuxas instalacións están situadas no IES "Lauro Olmo"**. Como consecuencia da reorganización administrativa efectuada polo departamento provincial, e dado que xa non xa non é preciso manter a súa actividade de forma permanente, diaria e continua, acordouse a supresión do devandito centro para dispor única e exclusivamente dunha sección que depende do CFR de Ourense.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

A desaparición do citado centro fai necesaria a adscrición destes postos a outro centro administrativo situado **na mesma localidade**, propoñendo a súa adscrición ao IES "Lauro Olmo" en tanto que **comparte as mesmas dependencias e instalacións** co centro suprimido.

Esta modificación permite garantir a continuidade na prestación dos servizos públicos sen necesidade de modificar o contido funcional dos postos nin as condicións nas que se veñen desempeñando en tanto que a modificación afecta exclusivamente á adscrición dos postos, manténdose inalteradas as súas características esenciais, funcións, complementos retributivos, forma de provisión e demais condicións de desempeño".

Vista a valoración funcional da consellería en canto a supresión do Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras, así como proposta de recolocar os postos noutro centro da mesma localidade e cos que comparte dependencias e instalacións, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal valora as circunstancias expostas polo que **cómpre a recodificación** dos postos de **Subalterno/a e Limpador/a** do Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras no IES "Lauro Olmo" mantendo a situación administrativa das persoas ocupantes; así como a **supresión do centro** de destino suprimido.

(**) Posto ao que engaden a observación **"horario especial" homoxeneizando deste xeito a clasificación** co resto de postos de subalterno/a cos que conta o centro. Coa inclusión deste horario especial resúltalle de aplicación o acordo entre a consellería e as organizacións sindicais sobre a **xornada de traballo** do persoal subalterno, sobre as **retribucións do persoal** subalterno e auxiliar administrativo que presta servizos nos centros educativos dependentes da (anterior) Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como as **singularidades do horario especial**; acordo ao que se lle dou publicidade por resolución do 29.01.2009 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Quinto.4 Modificacións de centros educativos

Propoñen a modificación da denominación do seguintes centros educativos como consecuencia, segundo recollen na memoria funcional, de "erros gramaticais ou da correspondente normativa que autoriza o cambio na denominación e/ou modificación do seu réxime de ensinanza":

DENOMINACIÓN ACTUAL	NOVA DENOMINACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA	
CEIP "San Vicente" (Vimianzo)	CEIP Plurilingüe "San Vicenzo" (Vimianzo)
IES "Blanco Amor" (Culleredo)	IES "Eduardo Blanco Amor" (Culleredo)
IES Ricardo Carballo Calero (Ferrol)	IES "Ricardo Carvalho Calero" (Ferrol)
IES Vións (Abegondo)	IES de Viós (Abegondo)
CEIP Plurilingüe de Ventín (Ames)	CEP Plurilingüe de Ventín (Ames)
CEIP "Recimil" (Ferrol)	CEIP Plurilingüe "Ángela Ruíz Robles" (Ferrol)
CEIP Plurilingüe "Eugenio López" (Cee)	CEIP Plurilingüe Vila de Cee (Cee)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	
Conservatorio de música de Lugo (Lugo)	CMUS Profesional "Xoán Montes" (Lugo)
CEIP "Doutor Daniel Monje" (Navia de Suarna)	CPI Plurilingüe de Navia de Suarna (Navia de Suarna)
CEIP "Manuel Mallo Mallo" (Lugo)	CEIP Plurilingüe de Nadela (Lugo)
CEIP Plurilingüe "Virxe do Carme" (Burela)	CEIP Plurilingüe "Os Castros" (Burela)
CPI de San Román (Cervantes)	CPI de Cervantes (Cervantes)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	
CEIP Plurilingüe "O Ruxidorio" (Barbadás)	CEIP Plurilingüe "O Ruxidoiro" (Barbadás)
CPI de Crespos (Padrenda)	CPI de Padrenda-Crespos (Padrenda)
IES Eduardo Blanco Amor (A Ponte-Ourense)	IES "Eduardo Blanco Amor" (Ourense)
CEIP Plurilingüe de Castrelo do Val	CEIP Plurilingüe "Raúl Fernández" (Castrelo do Val)
CEIP Plurilingüe "Eulogio Gómez Franqueira" (San Amaro)	CEIP Plurilingüe "Lansbricae" (San Amaro)
CEIP "San Marcos" (Cartelle)	CEIP Plurilingüe "Cartelle" (Cartelle)
IES de Vilamarín	CIFP de Vilamarín (Vilamarín)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	
CEIP "Pío Cabanillas" (Dozón)	CEIP Plurilingüe "Pío Cabanillas Gallas" (Dozón)
CEIP Plurilingüe "Pedro Caselles Beltrán" (Tomiño)	CEP Plurilingüe "Pedro Caselles Beltrán" (Tomiño)
IES "Nº 1" (A Estrada)	IES "Avelina Valladares" (A Estrada)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN ACTUAL	NOVA DENOMINACIÓN
IES "Miguel A. González Estévez" (Vilagarcía de Arousa)	IES "O Carril" (Vilagarcía de Arousa)
CEIP de Soutelo de Montes (Forcarei)	CEIP "Avelino Cachafeiro" (Forcarei)
CEIP "Nª Sª dos Remedios" (Ponteareas)	CEIP Plurilingüe "As Veigas" (Ponteareas)
CEP de Redondela	CEP Plurilingüe "Santa Mariña" (Redondela)
CEIP de Xanza (Valga)	CEIP Plurilingüe de Baño-Xanza (Valga)
IES Audiovisual (Vigo)	CIFP Audiovisual de Vigo
IES "Montecelo" (Pontevedra)	CIFP "Montecelo" (Pontevedra)
CPI "Celso Emilio Ferreiro" (Vigo)	CEP "Celso Emilio Ferreiro" (Vigo)
CPI "Manuel Padín Truiteiro" (Soutomaior)	CEIP "Manuel Padín Truiteiro" (Soutomaior)
CEIP Do Covelo	CEIP "Antonio Blanco Rodríguez" (Covelo)

Á xustificación dada pola consellería **cómpre engadir** a necesidade de que os centros de destino das relacións de postos de traballo **garden correspondencia coa denominación rexistrada na plataforma de Centros educativos públicos** dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- **https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/ListaCentros.do**

Sexto. Amortización dos postos de Xefe/a territorial

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG. CORP/ESC NIVEL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA	XEFE/A TERRITORIAL ED.C99.10.000.15001.036	A1-A2 XERAL/DOCENTE 28
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	XEFE/A TERRITORIAL ED.C99.10.000.27001.035	A1-A2 XERAL/DOCENTE 28
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	XEFE/A TERRITORIAL ED.C99.10.000.32001.030	A1-A2 XERAL/DOCENTE 28
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	XEFE/A TERRITORIAL ED.C99.10.000.36001.035	A1-A2 XERAL/DOCENTE 28

A disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia recolle a **supresión das xefaturas territoriais e a asunción das competencias e funcións,** previstas nos vixentes decretos de estrutura orgánica de cada consellería e nas

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

restantes normas aplicables, **polas direccións territoriais** previstas no artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia; sen prexuízo da futura adaptación da indicada estrutura orgánica ás disposicións previstas neste decreto.

A disposición derradeira primeira deste mesmo decreto, modificou o artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, **recollendo neste artigo os departamentos territoriais**.

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, **modificou o número 2 do artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,** indicando que son órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes, **as vicesecretarias xerais, as subdireccións xerais, as delegacións territoriais, as secretarías territoriais e os departamentos territoriais.**

Esta mesma lei **modificou tamén o número 1 da disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia** indicando que mentres non se desenvolva regulamentariamente o réxime xurídico específico do persoal directivo profesional funcionario de carreira conforme as previsións do capítulo II do título III, na Administración xeral terán a consideración de postos directivos as **vicesecretarias xerais, as subdireccións xerais e as secretarías territoriais.**

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Sétimo. Postos abertos a outras administracións

A presente modificación de postos de traballo contén os seguintes postos abertos a outras administracións xa xustificados e aprobados anteriormente polo Consello da Xunta.

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG-NIVEL-F. FROV	TIPO ADMÓN. ADSCRICIÓN ADM. PUB. (anterior-novo)	FORMACIÓN ESPECÍFICA/ ÁREA FUNCIONAL
DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS				
• **SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS**				
	XEFATURA SERVIZO DE PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ED.901.00.002.15770.003	A1-A2 28 CE	XERAL/**DOCENTE** A11	640 PER
	XEFATURA SERVIZO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE REXIME ESPECIAL ED.901.00.002.15770.020	A1-A2 28 CE	XERAL/**DOCENTE** A11	640 PER

CÓDIGOS

A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).
PER PERSOAL

A ampliación do tipo de administración destes postos de Xeral a Xeral/**Docente** resulta, segundo recolle a memoria funcional para que " poida ser provisto de forma indistinta tanto por persoal funcionario da Administración Xeral como por persoal docente.

Estas unidades administrativas requiren dun coñecemento moi específico, directo e práctico dos diversos sistemas de xestión aplicables ao persoal docente que aproveite a experiencia sectorial previa e permita adaptar a xestión administrativa á realidade e necesidade dos centros educativos así como á organización e interacción operativa dos centros educativos cos servizos centrais da consellería.

Con esta modificación, amplíase a posibilidade de selección e cobertura destes postos de traballo ao permitir establecer un abano de alternativas, en tanto que se dispoñerá de variados perfís cun coñecemento de carácter transversal e especializado dada a especificidade, complexidade e particularidade da xestión administrativa educativa".

Por outro lado cómpre ter en conta tamén o recollido no artigo 38.6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Este artigo sinala a posibilidade de **clasificación dos postos de traballo con rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo que garden relación directa coas competencias en materia de sanidade, educación e xustiza para a súa provisión por persoal** sanitario, **docente** ou da Administración de

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

xustiza, respectivamente, atendendo á especificidade das funcións que se deban desempeñar.

Oitavo. Xustificación de excepcionalidade da cobertura dos postos polo sistema de libre designación

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as **vicesecretarias xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional** que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 91 da dita norma, establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Nesta proposta, inclúe esta forma de provisión, de xeito excepcional, o posto de traballo que a continuación se sinala:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	CRITERIO
ED.401.00.000.15770.015	XEFATURA SERVIZO FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO	ASESORAMENTO E DEPENDENCIA DIRECTA DUN ALTO CARGO

Esta excepcionalidade vén determinada polas funcións que este posto desenvolve que evidencia o cumprimento dalgún dos criterios ou atribucións dos recollidos na Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44 do 4 de marzo).

- **XEFATURA SERVIZO FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO**

Este posto deriva dun órgano con dependencia directa da Secretaría Xeral de Universidades; órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes a esta consellería segundo o artigo 8 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101, do 27 de maio).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve

Esta modificación da relación de postos de traballo trátase dunha modificación parcial que contén cambios de diversa natureza pero que, por razóns de eficacia e operatividade, estímase máis axeitada unha publicación completa, e non parcial dela, de tal xeito que **nesta publicación figuran postos cuxas clasificacións foron aprobadas en modificacións anteriores polo Consello da Xunta.**

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.**

Este informe favorable **está condicionado** a que esta modificación se axuste ás rateos de persoal non docente funcionario e ás rateos de persoal non docente laboral/limpeza previstos na Circular 1/1994 da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 23/07/2026 09:59:33

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: q5wGLAuBnpx1 https://sede.xunta.gal/cve